

## **INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POLA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (IXCA)**

Ao órgano de xestión da Entidade Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)

### **Opinión**

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (IXCA), a través da Oficina Galega de Auditoría e Control (OGAC), en colaboración coa sociedade de auditoría BM Auditores en virtude do contrato suscrito coa Consellería de Facenda e Administración Pública e no uso das competencias que se atribúen á Intervención Xeral no título V do decreto legislativo 1/1999 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e do previsto na disposición adicional da lei de orzamentos de Galicia relativa á remisión e control da información económico financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, auditou as contas anuais da Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA), que comprenden o balance de situación a 31 de decembro de 2021, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da entidade ao 31 de decembro do 2021, así como dos seus resultados e do estado de liquidación do orzamento correspondentes ao exercicio anual terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 1.2 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

### **Fundamento da opinión**

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente para o Sector Público en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas describíense mais adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais* do noso informe.

Somos independentes da Entidade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables a nosa auditoría das contas anuais para o Sector Público en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas do devandito Sector Público.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para a nosa opinión.



## **Cuestións crave da auditoría**

As cuestións crave da auditoría son aquelas cuestións que, segundo o noso xuício profesional, foron da maior significatividade na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estas cuestións foron tratadas no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre esas cuestións.

En base o traballo de auditoría realizado, determinamos que non existen riscos máis significativos que xeren cuestións claves considerados na auditoría que se deban comunicar no noso informe.

## **Outras cuestións**

### **Colaboración na auditoría de auditores privados**

A sociedade de auditoría BM Auditores en virtude do contrato suscrito coa Consellería de Facenda e Administración Pública, a proposta da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, efectuou o traballo de auditoría referido no apartado primeiro. No devandito traballo aplicouse por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o previsto na disposición adicional da lei de orzamentos de Galicia relativa á remisión e control da información económico financeira da Comunidade Autónoma de Galicia e nos pregos que regulan a contratación así como a Norma Técnica da IGAE sobre colaboración con auditores privados na realización de auditorías públicas do 30 de decembro do 2020.

A OGAC elaborou o presente informe sobre a base do traballo realizado pola firma BM Auditores.

### **Responsabilidade do órgano de xestión da ATRIGA na auditoría en relación coas contas anuais**

O órgano de xestión é responsable de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, o órgano de xestión é responsable da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se o órgano de xestión ten a intención ou a obriga legal de liquidar a entidade ou de cesar nas súas operacións ou ben non exista outra alternativa realista.



## Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría o cal contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grado de seguridade, pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas para o Sector Público vixente en España, sempre detecte una incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente para o Sector Público en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría.

Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que a fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a alusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polo órgano de xestión.
- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polo órgano de xestión da ATRIGA, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento.





Se concluímos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son axeitadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Sen embargo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que la entidade deixe de ser una empresa en funcionamento.

- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos co órgano de xestión da ATRIGA en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre as cuestións que foron obxecto de comunicación ao órgano de xestión da entidade, determinamos as que foron de maior importancia na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, as cuestións cruce da auditoría.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura electrónica deste documento

O interventor xeral da Comunidade  
Autónoma e director da OGAC

O S.X da División de Auditoría Pública e  
Control Financeiro da OGAC

Arturo López Iglesias

Pablo Leis Mol

